

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SOBRADO**

*Bases reguladoras das subvencións en apoio da natalidade do Concello de Sobrado*

### **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS EN APOIO DA NATALIDADE DO CONCELLO DE SOBRADO**

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 9 de xuño de 2020, aprobou as bases de execución do orzamento do 2020, regulando nas base 61.ª as bases reguladoras de subvencións en apoio da natalidade do Concello de Sobrado, procedéndose á súa convocatoria por Decreto de Alcaldía n.º 289, do 9 de setembro de 2020.

Procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento. As bases e os modelos de solicitude estarán expostas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

#### **PRIMEIRO.-OBJECTO DAS SUBVENCIÓNS.**

O obxecto das presentes bases reguladoras é o establecemento de axudas económicas ás familias do Concello de Sobrado, cunha dobre finalidade, por un lado, o fomento da natalidade como medida complementaria de apoio ás unidades familiares e por outro, evitar o despoboamento rural.

#### **SEGUNDO.-REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Serán beneficiarios destas axudas aquelas unidades familiares nas que se produza o nacemento, adopción ou acollemento dun fillo/a, cumprindo os seguintes requisitos:

- Enténdese por unidade familiar aos efectos destas bases, as formadas polo solicitante, o seu cónxuxe ou persoa con quen conviva como parella de feito, o que se deberá acreditar debidamente, así como os fillos e fillas sobre os que se teña atribuída a garda e custodia e convivan no mesmo domicilio.
- Os pais, ou polo menos un dos proxenitores, deberá estar empadroado/a no Concello de Sobrado cunha antelación mínima de 6 meses á data de parto, adopción ou acollemento, e deberá producirse entre o día 1 de xaneiro o o 31 de decembro do ano 2020.
- Os nenos/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as deberán estar inscritos no padrón de habitantes do Concello de Sobrado.
- Os proxenitores, ou polo menos un deles, deberán comprometerse a permanecer empadroados no Concello de Sobrado, do mesmo xeito que o seu fillo, durante un período mínimo de dous anos ao nacemento. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello, solicitando os informes que proceda. Asemade deberán comunicar no prazo dun mes calquera cambio que se produza na situación da unidade familiar que poida ter relevancia ou fora tida en conta para a concesión da axuda.
- En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos/as seus/súas fillos/as ou se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

#### **TERCEIRO.-TIPOS E CUANTÍAS DAS PRESTACIÓNS.**

As axudas serán como máximo de 500 euros por cada fillo/a nados, adoptados/as ou acollidos/as no período indicado no apartado SEGUNDO.

- No caso de que o fillo/a nacido ou adoptado sexa o segundo, a axuda será como máximo de 600 €.
- No caso de nacementos ou adopcións de fillos con algunha discapacidade recoñecida cun grado igual ou superior ao 33% ou no caso de partos múltiples, a contía da axuda poderá chegar aos 700 €.

#### **CUARTO.-FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

As solicitudes das axudas deben de ser cubertas de conformidade ao modelo normalizado (anexo I), que se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado, a través da sede electrónica ou en calquera outro dos lugares habilitados ao efecto de conformidade da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

**ANEXO I: SOLICITUDE PARA APOIO Á NATALIDADE**

**DATOS DO SOLICITANTE:**

|                              |
|------------------------------|
| NOME E APELIDOS.....         |
| DNI: ..... E-MAIL.....       |
| ENDEREZO:..... TELÉFONO..... |

**DATOS DO CÓNXUXE OU PARELLA (SE É O CASO)**

|                              |
|------------------------------|
| NOME E APELIDOS.....         |
| DNI: ..... E-MAIL.....       |
| ENDEREZO:..... TELÉFONO..... |

**DATOS DO FILLO/A**

|                        |
|------------------------|
| NOME E APELIDOS.....   |
| DATA DE NACEMENTO..... |

**DATOS BANCARIOS**

|   |
|---|
| CAIXA OU BANCO..... SUCURSAL.....           |
| NÚMERO DE CONTA (con todos os díxitos)..... |
| TITULAR..... DNI.....                       |

**COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPRIMENTO DALGÚN REQUISITO**

Don/a..... con DNI..... e domicilio en.....

**COMPROMÉTOME,**

-A seguir empadroad/a e con residencia efectiva, tanto eu como o meu fillo/a e o meu cónxuxe ou parella, no Concello de Sobrado por un período mínimo de **dous anos**.

-Á devolución desta axuda no caso de incumprimento dalgún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

## DECLARACIÓN XURADA

D/DNA.....CON DNI.....E

DOMICILIO EN.....

### DECLARO,

Que teño solicitadas as seguintes axudas para a mesma finalidade, de ningunha administración pública ou organismo competente

.....  
.....  
.....

Que non teño nin solicitada, nin recibida, nin pendente de Resolución, ningunha outra axuda para a mesma finalidade, de ningunha administración pública ou organismo competente.

E para que así conste, asino a presente en Sobrado, a ..... de ..... de .....

Asdo.-

\*.- Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o representate legal asinante deste documento, así como calquera outra persoa cuxos datos se recollan no mesmo, autoriza ao Concello de Sobrado, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Sobrado, que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese.